



BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAIS DE OFICIOS
ACTA

Na Sala Anexa ao Pleno, sita na planta primeira da Casa do Concello, sendo as 09,00 horas do día 3 de xullo de 2017 reúnese o Órgano de Selección encargado de xulga-las probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (E.B.E.P.), como Oficiais de Oficios (Coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, de instalacións municipais, xardineiro/a, desinfectador/a, electricista, ferreiro/a e fontaneiro/a), ao obxecto de proceder a analizar e resolver as alegacións presentadas en relación ao segundo exercicio da oposición.

O Órgano de Selección queda constituído coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. **Ezequiel Fernández Carpintero**, Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

Secretario: D. **Lucio Camilo Varela Borreguero**, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Vogais:

1º D. **Mario Iglesias Lorenzo**, Oficial de Mantemento do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

2º D. **Jesús Alberto Docamiño Raimúndez**, Xefe de Equipo de Oficios do Concello de Vigo.

3º D. **Manuel Cancela Outeda**, Mestre de Xardíns do Concello de Pontevedra.

Procédese, en consecuencia, a revisar as reclamacións presentadas polos seguintes aspirantes:

- Oficial Xardineiro/a:

- Francisco Ernesto Pastoriza Mosquera
- José Manuel Navia Aido
- José Luis Areán Mosquera

- Desinfectador/a:

- María Alonso Garrido

- Ferreiro/a:

- Nieves Vázquez Cao
- José Ramos Martínez
- Fidel Ramos García
- Instalacións Municipais:



- Arturo Mera Aira
- Miguel Saúl Sanmartín Barreiro

en relación ás súas solicitudes de revisión do segundo exercicio (proba práctica) da oposición, acordando o Órgano de Selección o seguinte:

En virtude do disposto no artigo 88.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedería inadmitir as devanditas solicitudes de que se lle revisen as cualificacións outorgadas por este Órgano de Selección, por resultar manifestamente carentes de fundamento ao basearse en meras apreciacións subxectivas dos reclamantes.

Sen embargo, o Órgano de Selección acordou proceder á revisión das anotacións recollidas no momento de realizar as probas realizadas polos reclamantes e, trala lectura das mesmas, ratifícase nas cualificacións outorgadas, por non reunir, nos sete primeiros casos, a proba realizada polos devanditos aspirantes os requisitos mínimos esixidos nos criterios de avaliación acordados para a superación da mesma, criterios que constan na correspondente Acta, tendo dereito os interesados no procedemento a acceder e a obter copia da mesma, en virtude do disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, e por entender, nos dous últimos, que a nota outorgada é a que corresponde ao exercicio realizado.

En consecuencia de todo o anteriormente sinalado o Órgano de Selección, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda desestimar as alegacións contra as puntuacións outorgadas no segundo exercicio da oposición.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13,00 horas do día da data sinalada no encabezamento. Do que eu, Secretario, dou fe.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do Órgano de Selección, Lucio C. Varela Borreguero

O Presidente do Órgano de Selección, Ezequiel Fernández Carpintero



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 05/07/2017 10:48

Páxina 2 de 2

Expediente 29941/220

Código de verificación: 2CEE4-A4CA3-BB855-CC422

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>